

Resolución do 11 de maio de 2026 pola que se acorda a aprobación inicial e se somete a información pública o proxecto de expropiación, por taxación conxunta, dos bens e dereitos afectados pola execución da etapa 1 do proxecto de interese autonómico (PIA) Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, no concello de Mos, de clave PO/25/208.80

Antecedentes:

- I. Mediante Acordo do 10 de novembro de 2022 (DOG núm. 242, do 22 de decembro de 2022) o Consello da Xunta de Galicia declarou de interese autonómico o proxecto denominado Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, promovido pola entidade Real Club Celta de Vigo, S.A.D., no concello de Mos.
- II. Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de abril de 2025 (DOG núm. 91, do 14 de maio de 2025) aprobouse definitivamente o PIA Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, o cal figura inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia co número de rexistro ROTPG/OT/1/2025.
- III. O artigo 1.1.6 da normativa do PIA establece, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT), que a aprobación do PIA leva implícita a declaración de utilidade pública e interese social e a necesidade de ocupación dos bens e da adquisición dos dereitos afectados, aos efectos de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.
- IV. Pola súa parte, o artigo 1.3.1 da normativa do PIA establece, conforme ao previsto no artigo 51 da LOT, que a xestión do PIA da Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, levarase a cabo polo procedemento de expropiación forzosa, sendo que, a persoa física ou xurídica promotora da actuación terá a consideración de beneficiaria da expropiación.
- V. Correspóndelle á Administración autonómica, a través da consellería competente por razón da materia, exercer a potestade expropiatoria en favor da persoa beneficiaria e adoptar todas as resolucións que impliquen exercicio da dita potestade, sen prexuízo da intervención, das facultades e das obrigas que legalmente lle corresponden á persoa beneficiaria.
- VI. O procedemento de expropiación forzosa será tramitado de acordo co establecido na normativa vixente en materia de expropiación forzosa pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia como consellería competente por razón da materia á que se refire o proxecto, tendo o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., como entidade promotora da actuación, a consideración de beneficiaria da expropiación.



- VII. O prezo xusto dos bens e dos dereitos expropiados fixarase polo procedemento de taxación conxunta.
- VIII. Mediante Resolución do 7 de xaneiro de 2026, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes encomendou á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 13.1 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e no artigo 8 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a xestión das actuacións necesarias en relación co proceso de expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do PIA denominado Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360. A dita resolución foi publicada no DOG núm. 16, do 26 de xaneiro de 2026.
- IX. Para o desenvolvemento das actuacións previstas, o PIA establece tres etapas ou fases de execución diferenciadas. Cada unha das fases de execución corresponde a un ámbito territorial concreto a efectos da súa xestión e execución.
- X. A etapa 1 corresponde ao desenvolvemento das instalacións da Cidade deportiva Afouteza. Os terreos afectos á etapa 1 do PIA son os correspondentes a unha superficie de 148.833 m² pertencente ao monte veciñal en man común da parroquia de Pereiras (Mos). Esta superficie correspóndese coas referencias catastrais 36033A067005050000SK, 36033A053006210000SH e 36033A067001400000SW.
- XI. O procedemento de taxación conxunta encóntrase regulado no artigo 118 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 291 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG).
- XII. O contido mínimo do proxecto expropiatorio encóntrase regulado no artigo 292 do RLSG. O Real Club Celta de Vigo, S.A.D., en canto que entidade beneficiaria da expropiación, presentou o "Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos afectados pola execución da etapa 1 do proxecto de interese autonómico Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360 no concello de Mos (Pontevedra)", asinado por técnico competente, e que cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación.
- XIII. No que se refire ao procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio, corresponde a súa aprobación inicial á administración expropiante. Así mesmo, deberá ser sometido a un trámite de información pública durante un prazo dun (1) mes, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun diario dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que puidesen



resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen oportunas e, en particular, no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

Asemade, as taxacións notificaranse individualmente a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos. A tal efecto se lles dará traslado literal da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun (1) mes, contado a partir da data de notificación.

Dado que o órgano expropiante non é o municipio, procede escoitar ao Concello de Mos polo prazo dun (1) mes a contar desde a notificación.

De conformidade co anterior,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación, por taxación conxunta, dos bens e dereitos afectados pola execución da etapa 1 do proxecto de interese autonómico Factoría do Deporte Galego–Galicia Sports 360, no concello de Mos, de clave PO/25/208.80.

Segundo.- Someter a información pública o dito proxecto, polo prazo dun (1) mes, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e nun diario dos de maior circulación da provincia, para que, mediante escrito dirixido a Axencia Galega de Infraestruturas (presentado nos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e/ou reclamacións que consideren convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

O contido íntegro do proxecto inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico:

<https://vivendaeinfraestructuras.xunta.gal/transparencia/pia/factoria-deporte>

Terceiro.- Notificar as taxacións de xeito individual ás persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no proxecto, mediante traslado literal das correspondentes follas de valoración e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulen as alegacións que consideren convenientes no prazo dun (1) mes a partir da súa notificación.

Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se poida practicar, a publicación desta resolución servirá de notificación co alcance e finalidade previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento



administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial del Estado.

Cuarto.- Notificar o proxecto expropiatorio aprobado inicialmente ao Concello de Mos para que poida formular as alegacións que estime oportunas no prazo dun (1) mes a contar desde a notificación.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2026

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas

Por encomenda de xestión de la Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

(Resolución do 07/01/2026, DOG núm. 16 do 29/01/2026)

María Deza Martínez



ANEXO

Relación de bens, dereitos e titulares afectados pola execución da etapa 1 do proxecto de interese autonómico Factoría do Deporte Galego–Galicia Sports 360, no concello de Mos, de clave PO/25/208.80

Predio núm.	Referencia catastral	Titular	Superficie total (m ²)	Superficie afectada (m ²)	Bens / dereitos afectados	
1	36033A067005050000SK 36033A067001400000SW 36033A053006210000SH	CMVMC da parroquia de Pereiras (Mos)	610.000	148.833	148.833	Propiedade
		UFD Distribución Electricidad S.A.				Servidume de paso eléctrico

